

PAU 2025

CONVOCATORIA ORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DEBUXO ARTÍSTICO II

(Cód. 70)

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas de forma global, ata un máximo de **1 punto**.

PREGUNTA 1. A expresión gráfica e os seus recursos elementais. (Ata 6 puntos).

Valorarase o seguinte:

- A capacidade creativa do alumno atendendo o enunciado proposto, ata 1 punto.
- A capacidade de interpretación da obra proposta, ata 1 punto.
- A capacidade de análise e síntese da imaxe, ata 1 punto.
- A composición, ata 1 punto.
- A capacidade de organización do espacio no debuxo, ata 1 punto.
- O coñecemento do material empregado, a súa adecuación ó debuxo realizado e a capacidade expresiva da técnica gráfica, ata 1 punto.

A puntuación máxima será de 6 puntos.

PREGUNTA 2. Concepto e historia do debuxo. Proxectos gráficos colaborativos. (2 puntos).

Analice as imaxes e argumente sobre o sentido da obra e a súa evolución. (2 puntos)

- Evolución da obra desde o bosquexo ata a obra, ata 0,75 puntos.
- Tratamento técnico desde o bosquexo ata a obra, ata 0,5 puntos.
- Análise cambio simbólico desde o bosquexo ata a obra, ata 0,5 puntos.
- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 3. Debuxo e espazo. (1 punto)

Analice o espazo na obra, a perspectiva e a tridimensionalidade.

- Análise da composición, da perspectiva, do sentido de tridimensionalidade e do espazo, ata 0,75 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 4. A figura humana. (1 punto)

Analice a figura desde a idea inicial ata a execución definitiva.

- Análise da figura desde o bosquexo ata a obra final, ata 0,75 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.